

30/04/2025

Campaña control biolóxico con *Anaphes nitens* Huber, do *Gonipterus platensis*.

Gonipterus platensis é un coleóptero curculiónido defoliador de distintas especies de eucalipto, as máis afectadas son *E. globulus*, aínda que tamén afecta a *E. nitens*, *E. camaldulensis* e outras. Normalmente completa dúas xeracións ao ano.

Este gurgullo aliméntase das follas de eucalipto durante as distintas etapas do seu desenvolvemento. As larvas nas fases L1 e L2 aliméntanse da epiderme das follas, e nos estadios L3 e L4, como tamén na fase adulta aliméntanse de toda a folla. Os adultos consumen a folla polos bordos producindo o típico festoneado das follas, e as larvas realizan galerías dentro da folla.

Os danos prodúcense principalmente no terzo superior da árbore, e son máis habituais na primavera e en outono.

A **Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal** ven traballando fai anos no plan de control fitosanitario contra os axentes defoliadores (*Gonipterus platensis*).


As liñas principais de actuación son:

1.-Inventario de danos, presenza da praga (*Gonipterus platensis*) e do parasito (*Anaphes nitens*) a través das parcelas presentes na Rede de Danos e Avisos Fitosanitarios e transectos realizados nos meses de maior presenza da praga.

2.-Difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber; que é o parasitoide específico dos ovos do gurgullo, mediante o cal realízase o control da praga, co que se coñece como método de control biolóxico. Este insecto actúa poñendo os seus ovos no interior das postas do gurgullo.

As colocacións de bolsas con ootecas parasitadas realízase nos montes de xestión pública, con presenza de ootecas frescas e defoliacións causadas polo gurgullo.

DEFOLIACIÓN: ZONAS ESTABLECIDAS PARA A MOSTRAXE DE GONIPTERUS PLATENSIS



Lenda

- Cuadrícula 16x16
- Parcelas rede de avisos fitosanitarios


Zonificación

- A
- B
- C
- D

Zonificación: Partindo do grado de defoliación dos eucaliptos das parcelas da rede de muestreo, no ano 2017 estableceronse 4 zonas con un comportamento similar do ciclo biolóxico do *Gonipterus platensis*

Tras os inventarios realizados ao longo do último mes, nos que se persigue coñecer a evolución da distribución xeográfica, dinámicas das poboacións e variacións do ciclo biolóxico anual, detectáronse postas frescas do defoliador. Neste momento é cando se poden empezar a colocar as bolsas do parasito controlador de *Gonipterus platensis*, esta primeira colocación do ano dura aproximadamente ata o mes de maio, e sempre que existan postas do gurgullo.

Colocáronse bolsas de ootecas parasitadas con *Anaphes nitens*, nos seguintes montes:



Na semana do 5 ao 9 de maio colocaranse bolsas de ootecas parasitadas con *Anaphes nitens*, nos seguintes concellos:

PROVINCIA	CONCELLOS
A CORUÑA	Lousame
	Culleredo